





Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 090/2018**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  , mediante escrito do 8 de agosto de 2018, a Presidenta da Comisión da Transparencia, en virtude da delegación de competencias outorgada pola Comisión de Transparencia de Galicia en sesión do 26 de xuño de 2018, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 8 de agosto de 2018, unha reclamación na que solicita apertura de expediente contra política Social de Lugo, por incumprimento de documento público, transcorrido con amplitude o prazo legal para a súa entrega, incumprindo as leis

vixentes. A dita reclamación acompaña copia dun escrito presentado “a la atención de Política Social de Lugo” no que solicita certificado de acto presunto en relación a unha carta cuxos datos corresponden á data do 10/11/2017 e 8/3/2018 de la Consellería de Facenda da Xunta de Galicia remitida a este organismo.

Segundo: Con data do 31 de agosto de 2018, se lle remite requirimento pola Secretaría da Comisión da Transparencia para que no prazo de dez días, aclare que información demandou a Política Social de Lugo, mediante a remisión de copia do documento no que, en base a lexislación da transparencia, solicitou información á dita consellería, así como copia do seu DNI.

O requirimento foi recibido o 12 de setembro de 2018 e a solicitante, con data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 26 de setembro, remite escrito no que informa que a súa intención era dirixir o seu escrito ao Defensor del Pueblo, sen remitir a documentación que se lle requiriu.

En base ao anterior, e de conformidade co disposto nos artigos 21 e 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e en virtude da delegación de competencias acordada pola Comisión da Transparencia en sesión do 26 de xuño de 2018, para a resolución pola súa Presidenta, das reclamacións nas que se teña por desistido ao solicitante, por non ter remitido en prazo a documentación que se lle requira,

Acorda:

Ter por desistida [REDACTED] da súa solicitude de apertura de expediente contra Política Social de Lugo.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga